

O Porriño vende unha parcela municipal a "Iberembal" por un millón de euros

Páxina III

Finalistas dos Goya tres dos directores que pasaron polo Festival de Cans

Páxina V

Entrevista con Verónica Tourón Domínguez, tenente de alcalde do Concello de Salceda

Páxina VII

Tui aposta polo Punto Verde tras adquirir unha biotrituradora

Páxina IX

Unhas 31.000 persoas visitaron os castelos de Soutomaior e Sobroso

Páxina XIV



O relevo xeracional asegúrase coa estrea do Rancho Infantil da Feira

Páxina VI



Entrevista coa Plataforma SOS Groba

"Hai un boom especulativo coas eólicas en Galicia"

Páxina VIII

Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado
desde 1964



Arbo



Pontareas

OPINIÓN

MANUEL ESTEVEZ

Xavier Lemos, realizou un mural de mais de 24 metros inspirado nas Illas Atlánticas

Formou parte de Os Nocturnos, Os Potes e Os Temples

Realizou un intenso traballo plástico durante Confinamento, fundamentado nas pegadas do Mestre Mateo en Ventosa (A Golada) e un mural de máis de 24 metros de amplo, inspirado nas Illas Cies e a Ría de Vigo

Ao pintor vigués Xavier Lemos, o Confinamento pillouno en plena dedicación pictórica, involucrado no proxecto "Detrás das pegadas do Mestre Mateo", xa rematado.

Cadros de grande formato, para difundir e potenciar a riqueza do templo de San Xulian de Ventosa, en terras dezans de A Golada, coñecida como a "Catedral do Románico de Galiza." que foi así como a bautizou, o profesor Filgueira Valverde, quen entre outras ocupacións chegou a dirección do Museo de Pontevedra, institución que acolle tres pezas pocedentes


do Santuario de A Golada, "San Gregorio", "Santa Bárbara" e un "Ánxel adorando".

No interior do templo, levantado nas faldras do Monte Farelo, atesora pezas que datan do século XII, autoría que se atribuen ao Mestre Mateo e seus discípulos, canteiros da bisbarra que traballaron en Carboeiro, onde tiñan un obradoiro.

Unha intervención de bo agrado para o Bispo de Lugo, a onde pertence a parroquia de Ventosa, as que según +Alfonso Carrasco Rouco

"nosas antigas parroquias envelleciron na súa maoría e foron mudando sua función, aínda que sigan falando elocuentemente dos bens que nos trouxo vivir como Igrexa de xeración en xeración, e continúan espertando no noso corazón a memoria viva da nosa casa"

"Detrás das pegadas do Mestre Mateo" que é así como se denomina o proxecto,




existen once cadros, a través dos que se dará a coñecer mediante exposicións por Salas y Espazos expositivos no Camino Francés, desde Roncesvalles ata Santiago de Compostela, estando axendadas diversas mostras en Sahagún, León, Carrión dos Condes(Palencia) e Galiza, previstas para este ano, que aínda non se levaron a cabo por mor de Covid.

Entre os cadros cabe destacar o Sepulcro de Lope de Ventosa, esculpido pola Escola do Mestre Mateo e trasladado as telas polo pintor de Vigo Lemos.

Foi un traballo laborioso ao que lle pillou igualmente estes delicados momentos que nos toca vivir, alen diso, neste tempo

incerto, o polifacético realizou no patio do seu amplo estudio-taller, un inmenso mural de máis de 24 metros de longo por 1,60 metros de alto, inspirado as Ilas Atlánticas. Foi unha época e continua sendo frutífera, plasmando dous retratos importantes da traxectoria, o Arzobispo de Belcastro, o galego de Sarreaus (Ourense), Xosé Rodríguez Carballo e o Papa Francisco, que xa forman parte das dependencias do Vaticano e aínda houbo tempo para dedicarlle a sua inseparable guitarra, lembrando os anos da xuventude, como integrante dos grupos de música pop de Vigo, Os Nocturnos, Os Potes e Os Temples.

ANTOM



"El ojo del huracán"



"Escuela de tiros para esas ratas cobardes"



"Maradona"



"No me falta un tornillo solo busco mi tuerca"

o remendón
CERRAJERO 

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y teclados
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO ORIGINAL **Duplicmex**

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño **637 764 865**
www.cerrajeroremendon.com


O noso Eido

Especialidades en: Angulas e Lampreza, Paves do Río, Cocca e Prancha, Bacalao e Kizca a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf. 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 - SALVATERRA DE MIÑO (PO)


mifollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

mifollas@mundo-r.com

O PORRIÑO

O Concello vende unha parcela municipal a "Iberembal" por un millón de euros

O Concello do Porriño anuncia a venda dunha parcela de titularidade municipal á firma "IBEREMBAL" por un importe de 960.000 euros, cantidade á que hai que engadir o correspondente 21% de IVE.

O predio ten 13.335 metros cadrados de superficie dos que 10.668 son edificables con fins industriais. Localízase no PPI 7. A firma compradora vai construír unha fábrica de envases metálicos para conservas alimenticias.

"IBEREMBAL" fora a única em-

presa que presentou plica no prazo de presentación de ofertas que o Concello do Porriño convocara e que rematou en decembro de 2020.

A operación realizase mediante un decreto da Alcaldía, despois de que no último pleno da Corporación Local, celebrado o 30 de decembro, a suma de votos do PP máis EU Son, bloquease a aprobación da venda que suporá un ingreso moi importante para a tesorería municipal.

Segundo estableceu o pacto de goberno municipal que fir-

maron PSOE e BNG, a Alcaldía delegou no pleno da Corporación, desde decembro de 2019, as competencias sobre vendas, permutas, arrendamentos e cesións de bens inmobles de titularidade municipal. Sen embargo, debido ao bloqueo motivado polos votos do PP e máis EU Son, a Alcaldía decidiu avocar para sí esta competencia delegada con carácter especial para a formalización da venda desta parcela, segundo o decreto firmado pola alcaldesa, Eva García con data de 12 de xaneiro.

O Concello creou un servizo de asesoramento a emprendedores

O Concello do Porriño puxo en marcha o Servizo de Asesoramento ao Emprendemento que comezará a funcionar a partir do luns 18. Trátase dunha iniciativa da Concellería de Emprego dirixida por David Alonso, con financiamento municipal e coa contribución da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego.

O servizo ofrece aos novos emprendedores do Porriño, un análise da viabilidade do plan de negocio; información para determinar a forma xurídica da empresa dado que cada proxecto conta cunhas características propias, e asesoramento laboral, fiscal e contable, segundo as

obrigas de cada tipo de negocio. Tamén o Servizo de Asesoramento a Emprendedores facilitará axuda para os trámites telemáticos de constitución da empresa, a través do sistema de tramitación que ten a Dirección Xeral de Industria e Pemes da Xunta de Galicia mediante a utilización do Documento Electrónico Unico (DUE). E por último este novo Servizo de Asesoramento tamén axudará aos novos emprendedores a solicitar e tramitar axudas e subvencións da administración autonómica.

O novo Servizo de Asesoramento está ubicado no Multiusos de Torneiros, funcionará en horario de 8 da mañá a 3 da tarde e con cita previa.

Reparado un tramo da estrada principal do Polígono das Gándaras

Alcaldesa Eva García informou hoxe que o Concello do Porriño está a planificar e desenvolver nestes primeiros días de 2021, unha serie de obras de mellora das infraestruturas viarias nos polígonos industriais.

A través do departamento de Vías e Obras dirixido por Lourdes Moure, acometeu e concluíu esta semana a reparación dun tramo da estrada principal do Polígono das Gándaras. Esta é a sección que discorre fronte ás instalacións da empresa "Gestamp".

O vial atopábase en moi mal estado, polo que foi necesario fresar e renovar o pavimento. A reparación realizouse cos medios propios do Concello. Executouse esta semana unha vez que o persoal de Vías e Obras reincorporouse

despois das vacacións de Nadal.

O Concello anuncia que acometerá en breve a reparación mediante obra nova das dúas rotondas do polígono da Granxa, a cargo do departamento de Infraestruturas dirixido por Pedro Pereira. A primeira que se arranxará será a rotonda da gasoleira que se acometerá cando se obteña a autorización do Ministerio de Transportes e Mobilidade.

No abeiro destas actuacións, o vindeiro luns

18, ás 12,30 horas, a alcaldesa Eva García manterá unha reunión de traballo con Indalecio Cuevas,



presidente da Entidade Urbanística de Conservación do Polígono da Granxa.

A Alcaldesa en corentena pola aparición dun positivo entre o persoal de confianza

A aparición dun positivo por Covid, aínda que asintomático, entre o persoal de confianza da Alcaldía do Porriño, obriga á propia alcaldesa, Eva García, e a outras persoas do seu equipo, a gardar corentena durante dez días, segundo establecen os protocolos.

De xeito que a axenda oficial para hoxe luns 18 cancelouse. A alcaldesa vese na obriga de suspender as reunións presenciais que ía manter hoxe. Unha delas con Andrés Fernández, conselleiro delegado do "Grupo

Zendal", que fabrica na factoría "Biofabri", sita no Porriño, unha das vacinas contra a actual pandemia. A entrevista que se adía está relacionada cos plans de expansión desta firma no Porriño.

Tamén a alcaldesa porriñesa ten que aprazar a visita e reunión que ía manter co empresario Indalecio Cuevas, presidente da entidade urbanística de conservación do polígono da Granxa.

Sen embargo, a alcaldesa manterá parte da súa actividade a través de tele traballo.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURIÑA

O PORRIÑO

A policía local do Porriño realizou unha detención por presunto tráfico de drogas

Un home foi detido por un presunto delito contra a saúde pública por tráfico de drogas, nun operativo policial no que se interviñeron varias doses de cocaína e heroína. Segundo informou a Policía Local do Porriño.

Os feitos ocorreron nas inmediacións da rúa Lugo. Un condutor levantou as sospeitas dunha patrulla policial ao observar unha estraña manobra do vehículo. Realizouse un seguimento solicitando a colaboración doutra patrulla da Policía Local do Porriño e avisando tamén á Policía Local de Mos, xa que se trata dunha zona fronteiriza

entre ambos municipios.

Unha vez interceptado o vehículo, procedeuse á procura correspondente co descubrimento de 15 papeis de cocaína e outros dous envoltorios de heroína. O detido de 40 anos foi posto a disposición xudicial.

Aclaración dun roubo e multas de Covid

Por outra banda, a Policía Local de Porriño tamén informa do esclarecemento dun roubo de dous vehículos sustraídos en Valencia e que poideron ser recuperados e entregados ao seu legítimo propietario esta pasada fin de semana.



Por último, a Policía Local do Porriño lémbra-nos a obriga de levar máscaras e cumprir os protocolos anti-Covid. Os axentes continúan cos controis que, ata a data do hoxe luns 11, provocaron 20 denuncias no que vai de 2021.

O último número de "Carta Local" salienta o protagonismo de O Porriño na produción de vacinas contra a Covid

O último número da revista mensual "Carta Local", editada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), publica un extenso informe baixo o título "Municipios de vacinas" no que eloxia o papel protagonista do Porriño e da fábrica "Biofabri" na produción dunha das vacinas contra a pandemia actual.

O informe inclúe declaracións da alcaldesa a "Carta Local", que expresou a súa satisfacción polo papel protagonista de "Biofabri" e o "Grupo Zental" que "amosa o alto nivel tecnolóxico que teñen



as empresas de Porriño".

A alcaldesa tamén salientou o impacto que pode ter a produción da vacina na creación de emprego para o municipio.

As ilustracións do informe in-

clúen imaxes da visita do ministro de Sanidade ás instalacións do "Grupo Zental" en Porriño o pasado 5 de novembro, onde foi recibido Eva García e por Abel Caballero, presidente da FEMP.

Yago Martínez, campión de España sub 18 de motocross por segundo ano consecutivo



O piloto porriñés, Yago Martínez, proclamado por segundo ano consecutivo, campión de España sub 18 de motocross, agradeceu persoalmente ao Concello do Porriño o apoio recibido na tempada que acaba de rematar. Yago recibiu a través do contrato de patrocinio que asinou co Concello, unha achega de 3.000 euros en 2020.

O piloto entregou a través do concelleiro de Deportes, Da-

vid Alonso, agasallos para o Concello como se mostra na imaxe do encontro celebrado no Polideportivo Municipal.

De cara a esta nova tempada, o concelleiro de Deportes informou a Yago Martínez de que se convocará unha bolsa de axuda para deportistas individuais de alto nivel, cunha partida do orzamento municipal de 2021 á que poderá acceder para recibir unha vez máis o apoio do Concello do Porriño.

PP Porriño denuncia presunto favoritismo político en contratación municipal

O voceiro do Partido Popular porriñés, Alejandro Lorenzo, denunciou que a alcaldesa (PSdeG) Eva García de la Torre destinará 62.589,38 euros anuais ás nóminas municipais de dous cargos de confianza, ámbolos dous ex candidatos socialista nos Concellos da Lama e de Oia.

Criticou así mesmo que a alcaldesa non destine ese monto en investimentos para a mellora do municipio e no benestar da veciñanza do Porriño senón en "remunerar aos ex candidatos socialistas doutros concellos, que nada teñen que ver co Porriño; xa que non son nin da comarca da Louriña".



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

Os Premios Goya elixen como finalistas a tres dos directores que pasaron polo Festival de Cans

A Academia do Cine Español deu a coñecer os nomes dos finalistas dos Premios Goya 2021, entre os figuran tres directores que pasaron polo Festival de Cans, volvendo a ratificar a calidade da programación do certame e reafirmando a súa sonda de 'festival talismán' entre as realizadoras e realizadores.

Na categoría de ficción estará como finalista Álvaro Gago, coa súa curtametraxe '16 de Decembro', que gañou no último Festival de Cans o Premio á Mellor Dirección e o Premio RC Service á Mellor Fotografía, polo traballo de Lucía C. Pan. Gago gañou en dúas ocasións o Premio do Xurado á mellor curtametraxe en Cans, coas curtas 'Curricán' e 'Matria',

coa que sería tamén finalista dos Goya en 2019.

Na categoría de animación haberá dúas curtas que competirán polo Goya. Por un lado, 'Metamorphosis', de Carla Pereira e Juanfran Jacinto, presentes na última edición de Cans dentro da sección non competitiva 'ExtraCans', que mostra traballos que teñen nexos con profesionais galegos, neste caso a través da animadora Sonia Iglesias. E por outra parte, tamén será finalista Alberto Vázquez, coa curta 'Homeless Home'.

Vázquez é un asíduo do festival e un realizador forxado ano tras ano na competición de animación de Cans, onde xa gañou en tres ocasións coas súas curtas 'Sangue de Unicornio', 'Birdboy' e 'Deco-

rado'. Alberto Vázquez logrou converterse nun dos grandes da animación española, e ten xa tres estatuíñas dos Goya, logradas polas curtas 'Birdboy' (2012), 'Decorado' (2017), e polo filme 'Psiconautas' (2017), tamén estreado no Festival de Cans.

Coa elección destes finalistas, o Festival de Cans marca tamén un fito na proxección do seu palmarés, dado que nas últimas tres edicións, tres curtas de animación que pasaron por Cans acabaron sendo finalistas dos Goya. Ademais de 'Metamorphosis' nesta edición, na pasada edición de 2019 foi finalista 'Homomaquia', de David Fidalgo, que recibira unha mención especial en Cans, e en 2018 a Academia seleccionou entre os



Álvaro Gago, finalista dos Goya e gañador a Mellor Director en Cans.

finalistas 'Soy una Tumba' de Khris Cembe, que recibira aquel ano o Premio do Xurado á mellor curta de animación en Cans.

Coa elección destes finalistas por parte da Academia, o Festival de Cans reafirmase un ano mais, como un dos festivais de cine máis influíntes do Estado á hora de impulsar a traxectoria de ci-

neastas novos, como son os casos de Álvaro Gago, Alberto Vázquez ou outros como Dani de la Torre, premiado en anteriores edicións dos premios do cine español.

A Gala coa entrega dos premios Goya está prevista para o vindeiro 6 de marzo en Málaga, e será dirixida polo actor Antonio Banderas e a xornalista María Casado.

Convenio entre a Fundación La Caixa e a Escola de Fútbol Denis Suárez

Responsables da Fundación La Caixa visitaron as instalacións do campo de fútbol do Penedo Redondo en Salceda de Caselas, en compañía de representantes da Escola de Fútbol Denis Suárez ademais da alcaldesa, Loli Castiñeira, o Concelleiro de Deportes e o arquitecto municipal, Miguel Capón, director da Escola.

O obxectivo da visita é a posta en marcha dun convenio de colaboración coa Escola de Fútbol Denis Suárez, dentro do programa CaixaProInfancia, dirixido a familias con menores en situación de pobreza e exclusión social.

A alcaldesa Loli Castiñeira expuxo o potencial de Salceda para proxectos dirixidos á infancia, tendo en conta a elevadísima

taxa de natalidade do municipio (unha das máis altas de Galicia), así como a excelente ubicación pola cercanía con cidades como Tui e Vigo, e incluso con Portugal. Así mesmo, amosáronse os proxectos de ampliación das instalacións deportivas e a posibilidade de novas instalacións na zona deportiva da Comunidade de Montes de Budiño.



BNG Mos critica a "opacidade" no proxecto da nova casa do Concello

O portavoz do BNG de Mos, Gustavo Barcia, criticou que o secretismo en torno á nova casa do Concello "é unha mostra máis do sectarismo e da opacidade que caracteriza ao PP de Mos".

En decembro, a alcaldesa, Nidia Arévalo, anunciou o proxecto de construción dunha nova Casa do Concello que, segundo os nacionalistas, chega con 15 anos de demora dende a convocatoria dun concurso público en 2005.

Naquel momento a corporación municipal, co voto favorable do PP, acordara a construción dunha nova casa consistorial nas Pozas e así quedou recollido no PXOM. O BNG defende a necesidade de retomar ese proxecto e adaptalo á normativa actual, algo que suporía, segundo Barcia, "un enorme aforro de tempo e diñeiro".

Máis alá das fotos e as mensaxes propagandísticas, a opacidade en torno ao proxecto é máxima. A directiva da Comunidade de Montes

da parroquia de Mos pretende ofrecer uns terreos na contorna do Pazo para a nova casa consistorial, pero o PP aínda non aclarou cales son as súas intencións. O BNG xa anunciou a súa oposición ao traslado da capital municipal, ao entender que a construción dun edificio administrativo suporía unha degradación do núcleo histórico da Rúa, alén de ir en contra do propio ordenamento urbanístico aprobado polo goberno de Nidia Arévalo hai menos de catro anos.

Mos recibe ás Meninas, Campeonas Galegas de Danza Coreográfica

O grupo As Meninas de Patricia Martínez foi recibido na Praza do Concello pola alcaldesa mossense, Nidia Arévalo, e pola concelleira de Cultura, Turismo e Igualdade, Sara Cebreiro, para felicitalas polo título de Campioas Galegas de Danza Coreográfica acadado o pasado mes de decembro.

O título foi obtido o pasado 13 de decembro no XIX Trofeo de Baile Deportivo Concello de

Narón que comprendía o Campionato Galego de Danza Coreográfica e Campionato Galego de Modalidade Estándar.

As Meninas, tras 10 meses sen competir por mor da crise sanitaria da COVID-19, presentáronse ao Campionato Galego en Narón e conseguiron proclamarse Campeonas Galegas na Modalidade de Danza Coreográfica na súa categoría Junior Territorial Iniciais, a 8 puntos de diferenza do segundo grupo.

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda licita os diferentes seguros municipais

O Concello de Salceda de Caselas ven de licitar os diferentes seguros municipais por un importe de 50.788,82 €, o que supón un aforo para as contas municipais de máis de 12.000 € anuais.

O proceso dividiuse en diversos lotes, nos que se inclúen 10 vehículos, 15 edificios municipais (ata o de agora eran 6 os que contaban con seguro), a responsabilidade civil, a responsabilidade patrimonial do persoal e a corporación, seguro de accidentes do voluntariado e seguro de saúde dunha parte do persoal funcionario con máis de 23 anos de antigüidade, sendo este último colectivo o que supón máis do 50% do

total do orzamento de licitación. O Concello de Salceda de Caselas é unha das poucas entidades do País que mantivo a opción de seguro privado para o seu persoal funcionario unha vez desapareceu o MUNPAL no ano 1993, pois a maioría dos Concellos optaron por acoller á totalidade do seu persoal no réxime da Seguridade Social. No caso do Concello de Salceda, o persoal afectado puido escoller entre a sanidade privada ou a pública.

O proceso de licitación viuse facilitado pola adhesión do Concello de Salceda de Caselas á central de contratación da FEMP por acordo plenario adoptado por unanimidade, que a través do



acordo marco para a prestación do servizo facilitou unha persoa intermediaria para analizar a situación de partida e deste xeito acadar as mellores condicións posibles, e que tamén se encargou da elaboración dos pregos técnicos e os informes pertinentes durante todo o proceso.

Lucía Pereira, Concelleira de Facenda: “o proceso de licitación dos seguros iniciouse fai xa case un ano como unha das medidas incluídas no Plan Económico Financeiro, e mantivemos o proceso pese a que o PEF deixou de ser preciso unha vez que dende o Goberno Central se deixou sen

efecto as regras fiscais para os anos 2020 e 2021, avanzando deste xeito na regularización dos diferentes servizos do Concello”.

Loli Castiñeira, Alcaldesa: “O Concello de Salceda pretende deste xeito seguir a mellorar a súa situación económica e lograr unha maior optimización dos recursos municipais, para o que xa están en marcha outros procesos de licitación como os do servizo de axuda no fogar ou o servizo de limpeza dos edificios e instalacións municipais. Como cargos electos debemos responsabilizarnos da mellor xestión dos recursos públicos, e así o vimos facendo con procedementos como o que agora vimos de rematar”.

O relevo xeracional asegúrase coa estrea do Rancho Infantil da Feira

Salceda de Caselas viviu unha xornada de Reis histórica ao contar coa tradicional actuación do Rancho de Reis da Feira e á estrea do seu Rancho Infantil, conseguindo un relevo xeracional dunha das tradicións máis singulares do patrimonio cultural inmaterial galego-portugués.

A parte máis emotiva da mañá foi a estrea do Rancho Infantil da Feira asegurando a continuidade da tradición. Con tan só tres meses de ensaio, os dous danzantes e a dama demostraron a súa valía, que nada ten que desmerecer aos maiores. Organizado pola Asociación Cultural A Feira, esta versión do Rancho de Reis fixo unha serie de actuacións previas o pasado domingo tres de xaneiro en diferentes puntos do barrio da Feira, amosándolle a súa danza á veciñanza e evitando que a xente se xuntara nun único punto, en prevención fronte á COVID19. O rancho conta cun total de catro danzantes e unha dama, que se van relevando para conseguir a formación de dous danzantes e unha dama.

A COVID19 non foi quen de parar esta tradición recuperada hai máis de 20 anos pola Asociación Cultural O Serán. Así, mudouse o lugar da actuación a unha ampla zona acotada



do torreiro de Santa María de Salceda, e os danzantes e a dama incorporaron a máscara protectora ao seu vestiario, composto de prendas de cores vistosas. A actuación que posteriormente solían realizar no centro da vila da esfarrapada foi mudada tamén por un pequeno acto no Centro Cultural da Feira.

O Rancho de Reis de Salceda é diferente de todos os demais, e único pola súa formación e pola súa música. Na súa danza, dous danzantes loitan por conseguir a unha dama, nunha competencia por ver quen resulta o mellor bailarín. A dama, representada

por unha nena, será a encargada de elixir ao gañador, obsequiándoo cunha riberirana que bailará en exclusiva con el.

O Rancho de Reis marca tamén o final do Nadal e o comezo do Entroido. Tradicionalmente, no día de Reis, comezaba o enfrontamento entre a Feira e Castro Barreiro, actuando cada Rancho no seu barrio, converténdose no comezo da rivalidade que remataba no Martes de Entroido, cando se voltaban a enfrontar os dous Ranchos de Entroido, cunha formación máis ampla, composta por seis danzantes e dúas damas cada un.

25.000 € do Plan Concellos para mantemento de viais no casco urbano



O Concello de Salceda investiu un total de 25.357,80 € da liña 2 do Plan Concellos 2020 da Deputación de Pontevedra en actuacións de mantemento en diversos viais e espazos públicos do casco urbano.

Por unha banda, un total de 10.651,22 € foron destinados ao bacheo dos viais máis deteriorados, como era o caso das Rúas Rollo, Coruña e Vigo, que se completaron con actuacións similares no resto de rúas urbanas.

Tamén na Praza do Concello se realizou unha actuación de mellora por importe de 14.706,58 €, que permitiu favorecer a accesibilidade en todo o lateral da Praza, así como na entrada ao Auditorio Municipal.

Estes investimentos supuxeron unha “posta a punto” de todo o casco urbano, solucionando as deficiencias máis urxentes e mellorando deste xeito a seguridade viaria tanto para os vehículos no caso das rúas como para os peóns no caso da Praza do Concello.

Por Roberto Mansilla Blanco

Verónica Tourón Domínguez, tenente de alcalde do Concello de Salceda

"En Salceda traballamos como equipo en todas as áreas"

Con 130 nacementos anuais, Salceda de Caselas lidera os municipios galegos con maior taxa de natalidade. Verónica Tourón Domínguez (PSdG), actual Tenente de Alcalde e próxima a converterse na rexedora deste Concello da Comarca da Louriña tras un acordo dentro do goberno de coalición Movemento Salceda-PSdG, recibiu ao noso xornal para comentar a actualidade municipal e os plans de futuro.

1. Comencemos pola situación da COVID 19. Como están os casos de contaxios en Salceda de Caselas?

En Salceda de Caselas afortunadamente non fomos dos Concellos mais afectados. Dende o Concello o que si fixemos foi manter un contacto estreito tanto cos centros educativos como co Centro de Saúde e todos os colectivos para tentar que ese impacto da pandemia fose o menor posible. Tamén no asunto do cumprimento das medidas de seguridade. Ese traballo estreito e conxunto foi o que permitiu que puidéramos conter esta pandemia. En canto ao número de casos, temos neste momento 15 (dados do 22/12/2020) pero chegamos a ter 50 casos hai dúas semanas.

2. A finais de xuño de 2020 abriuse o novo centro de saúde de Salceda de Caselas. Como está xestionando o Concello este novo centro particularmente ante a situación actual da pandemia?

Hai que deixar claro que o Centro de Saúde é competencia da Xunta de Galicia, que xestiona os seus servizos e instalacións. Dende o Concello tivemos contacto estreito co Centro de Saúde, trasladando as queixas e demandas da nosa veciñanza, e tamén solicitándolle á Xunta de Galicia ese quinto médico que precisamos así como ese servizo de atención telefónica que consideramos que non está funcionando ben. O persoal do Centro de Saúde fai todo o que pode, con moita profesionalidade, pero o asunto das citas telefónicas non axuda a que haxa unha boa xestión.

3. Pasemos agora ao plano po-**lítico local. Este 2021, vostede tomará o mando do Concello como alcaldesa dentro do acordo de alternancia no goberno municipal establecido pola coalición Movemento Salceda e PSdeG. Que iniciativas pretende impulsar de cara á finalización do actual período municipal en 2023?**

Nós traballamos como equipo dende o primeiro momento, independentemente de quen sexa a que ostente a alcaldía nese momento. Así, son dous anos de Movemento Salceda e, entre maio e xuño de 2021, corresponde dous anos para o PSdeG. Por suposto, adquirirei unha responsabilidade nova pero o traballo seguirá na liña destes dous anos porque entendémolo sempre así. Traballamos como equipo en todas as áreas, as decisións son conxuntas e será unha continuación deste goberno. Ó mellor cunha visión un pouco diferente porque somos persoas e partidos diferentes pero mantendo o traballo en equipo. De feito, tanto eu como a propia alcaldesa (Loli Castiñeiras) seguiremos xestionando as nosas propias áreas que levamos dende o principio.

4. Recentemente, o Concello reorganizou o tráfico no entorno de Penedo Redondo para rematar coas carreiras ilegais de coches. E tamén está a licitación da obra do itinerario peatonal e ciclista na PO-411 a Parderrubias. Como van estes proxectos de seguridade viaria?

O tema de Penedo Redondo era algo que levábamnos dende fai anos. Tanto a Policía Local como a Garda Civil estaban pendentes desa situación. O que se



decidiu nesta nova etapa era tentar poñerlle fin a esta situación que era problemática para a veciñanza e tamén sobre todo un problema de seguridade moi forte. Creo que coa instalación destes lombos e as limitacións da zona, conseguiremos arranxalo e, de feito, xa se nota esa melloría. En canto a senda peonil da PO-411, se non me equivoco saía onte a Xunta de Galicia anunciando a licitación na plataforma de contratos, co cal é algo inminente, a única senda das nove que no seu día íanse a facer con fondos europeos. Estamos contentos porque entendemos que é unha mellora da seguridade desa vía. Se de nós dependera fariáanse igualmente algunhas modificacións, como que non houberse discriminación viaria coas obras.

5. Salceda de Caselas segue a conservar o liderado a nivel galego como o municipio con maior taxa de natalidade. Isto afronta retos estratéxicos para o futuro, entre eles o educativo. Existe algunha planificación a nivel municipal de cara ao be-**nester das futuras xeracións?**

A verdade nós, non só como equipo de goberno senón como partido, reclamamos dende fai anos unhas instalacións con maior capacidade para Salceda. Somos unha poboación que foi crescendo continuamente, que sabíamos que esta explosión demográfica íase dar. De feito, empezamos tendo problemas de espazo no CEIP Altamira, tamén trasladado ao IES Parderrubias. Os nosos rapaces seguen crescendo e avanzando cara outros estudos, e seguimos tendo o mesmo problema. A nosa posición sempre foi que a Xunta de Galicia tratara aos cativos de Salceda da mesma maneira que outros Concellos que, con menos poboación, teñen mais instalacións. Ademais, sempre insistimos na necesidade dun comedor adecuado, seguimos a ter un comedor en contenedores. E sobre todo facer fincapé en que, por primeira vez en Salceda, o Concello ten unha Concellería de Infancia, que está na man da compañeira Ángela Lego, e que apostamos porque a infancia non só sexa un reclamo

para vir a vivir a Salceda senón tamén con políticas directas para eles. Agardamos que a pandemia nos deixe levalas a cabo nos próximos meses.

6. Finalmente, no asunto da PLISAN, moi próximo a Salceda de Caselas, como está a influír no desenvolvemento do Concello?

Entendo que a PLISAN, nun momento en que leve un desenvolvemento maior, posiblemente afecte de forma positiva a Salceda. Mais alá da importancia da PLISAN para Salvaterra do Miño e toda a contorna das Neves, nós o que queremos apostar por ordenar a zona industrial de Cerquido que pertence a Salceda, que estamos empezando os primeiros traballos agora e que agardamos se chegen a acordos co empresariado de alí. Esa é a iniciativa e imos poñer todos os esforzos niso. Tamén pedimos a colaboración da Zona Franca de Vigo para que o noso Concello, de pouco mais de 9.200 habitantes, poida ter tamén unha zona industrial de referencia.

ENTREVISTA

Por Roberto Mansilla

Entrevista coa Plataforma SOS Groba

"Hai un boom especulativo coas eólicas en Galicia"

Creada en 2009 para defender a riqueza natural, cultural, etnográfica e patrimonial Groba, a Plataforma SOS Serra da Groba busca sensibilizar á sociedade sobre os agresivos intereses que existen detrás dos parques eólicos en Galicia. Xilberte Manso, Bruno Centelles e Xosé Vilar, membros da súa Xunta Directiva, recibiron ao noso xornal na sede do Instituto de Estudos Miñoranos en Gondomar para esta entrevista.

1. Recentemente, unhas sesenta organizacións ambientais, entre as que se inclúe esta plataforma, rexeitaron a realización de parques eólicos na Serra da Groba e no Monte do Galiñeiro. Cales serían as repercusións que en materia ambiental, de especies naturais e de patrimonio natural e etnográfico veríanse afectadas por estes proxectos eólicos?

(Xilberte Manso) Estes proxectos son demasiado agresivos para zonas que teñen un gran interese patrimonial e natural, tanto na Serra do Galiñeiro como na Serra da Groba. Na Serra da Groba, os parques eólicos van colocados nos puntos mais altos, que son zonas con gran interese medioambiental. Primeiro, son os nacentes das augas que van aos manantiais dos que beben todos os pobos do redor. Segundo, son lugares onde hai unha gran diversidade de anfibios, de reptís e de mamíferos, insectos, algúns deles en perigo de extinción. Temos animais como a pintiga lusitánica, que habita na Serra da Groba e que son hipersensibles cando hai movementos de terra, e tamén o physalaemus marmoratus. De construírse os parques eólicos alterarían a reprodución destes anfibios e cambios biolóxicos importantísimos.

2. Estamos falando de 44 muíños eólicos. Iso non excede a capacidade do terreo?

(Xilberte Manso) Si. Na Serra da Groba estaba programado fai uns dez ou doce anos un parque eólico que se chamaba Albariño 1, que no seu momento o demos parado. Resulta que agora van 7 parques eólicos, fraccionaron o parque eólico para facer o que

chamamos unha "burla de lei" porque se superan os 30 megavatios, a avaliación do impacto ambiental ten que dar a súa autorización o Estado español. Ao ser menos de 30 megavatios, toda a documentación resólvese na Xunta e é moito mais fácil.

(Bruno Centelles) É moito mais fácil porque a lexislación autonómica é moito mais laxa que a estatal. Fraccionan e algúns deses parques solápanse uns a outros, non cumpren siquera as súas propias normas. Irían de norte a sur, dende o Concello de Baiona ata o Concello do Rosal.

3. Así mesmo, estanse desenvolvendo conflitos socioambientais vinculados aos parques eólicos en Galicia?

(Xilberte Manso) Si, hai conflitos sociais en todo o país. Con isto da pandemia, que complicou a celebración de asembleas para informar minuciosamente á xente, estamos entón utilizando as redes sociais e algo na prensa. Pero aquí xa hai moita xente que estase posicionando en contra, que ten moita sensibilidade e as asociacións xa se están posicionando todas en contra. Xa se posicionaron en contra a petición nosa os plenos dos Concellos de Nigrán, Gondomar, Oia e Baiona. Fáltanos Tomiño e O Rosal. Sabemos que a nivel político hai xente que se está posicionando.

(Bruno Centelles) E de feito, nalgunhas localidades hai conflitos sociais porque enfróntanse moitas asociacións civís entre eles tomando en conta que a construción dos muíños moitas veces afectan a mais de dúas comunidades. Na Serra do Galiñeiro, onde hai uns 13 muíños, hai algún que está afectando a tres



De esquerda a dereita, Bruno Centelles, Xilberte Manso e Xosé Vilar, membros da Xunta Directiva de SOS Groba.

Concellos, o de Vigo, Mos e Gondomar. As empresas e os interesados nos parques eólicos habitualmente crean estes conflitos.

4. Precisamente, tiveron algunha receptividade as súas demandas por parte dos Concellos afectados como Baiona, Oia, Tomiño e o Rosal?

(Xilberte Manso) En Gondomar e Nigrán, moi boa, tanto a sociedade civil como o Concello posicionáronse en contra, agás o Partido Popular. En Baiona posicionáronse hai quince días no pleno (esta entrevista realizouse a mediados de decembro de 2020) e rexeitaron o Plan Eólico de Galicia. Creouse unha plataforma a nivel galego, Aldeas sen Horizonte, na que estamos varias asociacións ecoloxistas. Impulsouse unha moratoria a este Plan para impedir a tramitación destes parques eólicos mentres non se faga unha nova lei adaptada as necesidades de Galicia. Nós facemos presión e mobilización social e política para que a sociedade e os Concellos impidan a realización nos próximos catro anos deses parques eólicos. Tamén hai outro problema que son os propietarios dos terreos, as Comunidades dos Montes, que con esta lei non teñen arte nin parte.

5. A Xunta de Galicia acaba de aprobar unha nova Lei de Reac-

tivación Económica, que implica igualmente aos parques eólicos. Cal é a posición que ten SOS Serra da Groba ante esta normativa?

(Bruno Centelles) A posición oficial é de rexeite absoluto porque non deixa de ser unha burla mais. Estamos vendo con sentenzas xudiciais que as empresas, amparándose nas leis que habían estanas incumprindo, co beneplácito da Xunta e que coloca impedimentos as asociacións que estamos loitando contra as irregularidades manifestas que estanse cometendo nas tramitacións e nas avaliacións de impacto ambiental e que agora ven que a sociedade civil mobilízase e os xuíces dannos a razón, modifican as leis para que isto non ocorra. Nós iremos ata o final e iso significa que, se non chegan as lexislacións galega e estatal, iremos á europea. E a europea ten moito que ver porque a Xunta, en vez de ampliar a Rede Natura como recomenda Europa, non cumpre con estas sentenzas europeas de protección ambiental para levar a cabo estes parques.

6. Tiveches algún tipo de presión política ou mediática por parte da Xunta de Galicia?

(Xilberte Manso) De momento, directamente non. Indirectamente, notamos non tanto por parte da

Xunta pero si de persoas, políticos, etc, que deberían estar ao fronte desta batalla e teñen moita ambigüidade. E neste caso cremos non caben ambigüidades. Nós poñemos na mesa argumentos e dados que non os inventamos. Tomámoslos das fontes das empresas, da propia Xunta de Galicia, o Estado e as universidades. Participamos en debates telemáticos co Observatorio Eólico de Galicia, con xente de Portugal, Teruel, Ordes, afectados por este mesmo problema. Nós non estamos en contra do sistema enerxético e o sistema de explotación de enerxía, que son cousas moi distintas.

(Bruno Centelles) Estamos en contra de que se utilice o sistema de sostibilidade da enerxía eólica para facer negocios cada vez mais descarados. Dende fai 25 anos, cando comezou toda a campaña sobre a necesidade da enerxía eólica, amparada polos grupos de poder, falábase da oferta de postos de traballo, do repoboamento do rural, do beneficio económico a través do consumo e da alternativa de transición enerxética porque é mais limpa e barata. 25 anos despois, todo isto é unha mentira.

En Galicia hai mais de 4.000 aeroxeradores xa montados, e fá-lase do Concello de Muras (Lugo)

como o mais beneficiado. Un concello de 164 km², nivel medio-grande, cun censo de 642 persoas neste momento (2020). No censo de 1996 tiña 1.200 persoas, o dobre. En 2013 tiña 763. A caída demográfica é brutal, co cal non é certo que fixese poboación. Este Concello ten instalado 382 muíños eólicos. O reparto do beneficio eléctrico anual para o Concello é de 600 euros, 50 euros ao mes. Esta perda de poboación tamén apréciase nos Concellos próximos a Muras, na Terra Chá e na Mariña lucense.

E o mesmo pasa cos Concellos próximos da provincia da Coruña, como As Pontes e Cedeira, e tamén nos da Costa da Morte e A Barcala, como Santa Comba e Negreira. Pontevedra igual, coa Cañiza como referencia pero tamén As Neves, Cerdedo, Forcarei. Perderon poboación nestes anos, non xeraron emprego nin riqueza pero teñen un montón de muíños. Por tanto, que razón hai para pensar que nos Concellos da Serra da Groba vai suceder algo distinto? Ningunha. E para o 2030 prevese que en toda Galicia se construírán entre 2.000 e 3.000 aeroxeradores mais.

7. De cantas empresas podemos falar que teñen interese en crear estes parques eólicos en Galicia?

(Bruno Centelles) De todas as que te podes imaxinar. A patronal reconece que hai un boom especulativo coas eólicas en Galicia. Incluso empresas que son construtoras e non pertencen ao sector enerxético. Tamén o goberno de Noruega no caso dos Ancares. E están tamén as empresas subsidiarias.

(Xilberte Manso) Estas enerxías

"verdes" non son tan verdes porque alteran o territorio e as súas riquezas naturais. O que buscan estas empresas é exportar, porque Galicia está producindo mais enerxía da que consume. É un modelo concibido con criterios estritamente económicos. E de feito, co paso dos anos, estas enerxías non van a ser nin siquiera rentables para as empresas porque cando Europa preme pola transición enerxética plena, apostarase pola enerxía fotovoltaica (solar), porque é menos agresiva e mais eficiente e ten uns custes menores.

8. Finalmente, a plataforma cumpre unha década de andaina. Cal é o balance que podedes facer da súa traxectoria? E no caso do IEM, como é esta relación institucional?

(Xilberte Manso) A relación co IEM é moi boa, xa que os que formamos parte da plataforma tamén o somos do IEM. A plataforma naceu para defender á Serra da Groba de todas as agresións, das eólicas, da minería, aurífera, das denominadas "terras raras", con minerais como a andalucita que hai na Serra da Groba, e son apetecidos nos mercados internacionais pola súa utilización nas novas tecnoloxías. Tamén está o valor patrimonial, que reivindicamos e incluso logramos que o Parlamento de Galicia aprobara unha resolución de defensa do patrimonio arqueolóxico da Serra da Groba. É un dos lugares de Europa onde hai maior densidade de puntos arqueolóxicos por km², do que estará catalogado un 15 ou 20%. O que queremos é que todos os veciños da Groba poidan aproveitar para o futuro todos estes valores de biodiversidade e patrimonial de xeito sostible.

Tomiño levará a pleno os orzamentos mais sociais da súa historia

O Concello de Tomiño levará a pleno municipal a aprobación dos orzamentos de 2021, que ascenden a 7.725.000 euros, un incremento do 5% con respecto ao ano 2019 e lixeiramente superiores ao 2020.

Destaca a aposta clara polo benestar e a asistencia social en tempos de pandemia, partida que supera por primeira vez o millón de euros, pasando de 940.000 a case 1.150.000, un incremento do 23% con respecto ao ano anterior, no que xa medrara un 25%.

Este orzamento conxelarán os impostos e taxas municipais, apostará por mellorar o servizo da traída de augas para as pa-



rruquias, duplicando ese orzamento a 100.000 euros, aumenta nun 10% a partida para educación e executará o Plan Revitaliza, unha subvención de 450.000 euros para cambiar o modelo de xestión do lixo.

O nivel de débeda deste orzamento considérase moi asumible, ao verse reducida a menos de 600.000 euros no final do ano, un 7,7% do orzamento total. Tamén abrirá novas prazas para persoal técnico municipal.

Tui aposta polo Punto Verde Municipal tras adquirir unha biotrituradora

O Concello de Tui adquiriu unha biotrituradora como paso previo para a próxima creación dun Punto Verde Municipal onde depositar os restos vexetais e recoller material triturado de madeira para a compostaxe doméstica.

A biotrituradora foi adquirida grazas á achega da Xunta para o financiamento de actuacións en materia de residuos municipais, subvención cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder



Galicia 2014-2020.

Impartíuse igualmente un curso formativo dirixido aos traballadores municipais para a utilización da biotrituradora. Tamén se elaborou material informativo

e de sensibilización do Plan de Compostaxe, co lema "Compostate ben, composta en Tui", contemplando a restructuración e ampliación da rede de composteiros comunitarios municipais.

FUCO PRADO



BAIXO MIÑO

Roi Alfonso Tojo vencedor do V Concurso de Xoves Intérpretes "Antonio Granja"

Este certame naceu fai 7 anos ca firme intención de incentivar o estudo dos xóvenes músicos galegos, especialmente os da abundante e exitosa canteira da Agrupación Musical do Rosal. Nesta edición participaron un total de 31 músicos chegados de diferentes puntos da xeografía galega.

Durante a fin de semana foron moitos os pequenos e grandes artistas que fixeron as delicias do público asistente ás audicións deste consolidado concurso. Así, na mañá do sábado participaron 20 aspirantes ós premios das categorías A (para solistas de entre 10 e 12 anos) e categoría B (de entre 13 e 16). Os gañadores foron Thai Otero Iglesias (violoncello) e Rubén Guerreiro Álvarez (saxofón) respectivamente. O xurado, formado por David González, Sara Pumar e Fernán Rodríguez, decidiu outorgar accésits a Álex Fornos, Antía Domínguez e Xiana Aldea polas súas interpretacións.



Xa durante a xornada dominical, os asistentes, puideron desfrutar dos participantes da categoría C (para solistas de entre 17 e 23 anos). O xurado formado nesta ocasión por Xabier Oliveira, Óscar González e Esteban Méndez, decidiu outorgar o 3º premio "Concello do Rosal" ó tuba Rubén Fernández, o 2º premio "Rodrigo Carrera" o percusionista Jorge Denis e o 1º premio, dotado con 500 € e un concerto como solista ca prestixiosa banda rosaleira ó

saxofonista Roi Alfonso Tojo.

Este certame pretende render unha merecida homenaxe a Antonio Granja, un dos membros fundadores da banda e que foi presidente durante moitos anos da Agrupación Musical do Rosal. O propio Antonio, emocionado, entregaba o trofeo, realizado polo artesán rosaleiro Xuxo Malone, ó gañador do concurso, non sen antes contar ó público asistente unha das moitas anécdotas que viviu como presidente da banda.

PSdeG Tomiño presentou moción sobre peonalización en Goián

Durante un Pleno municipal, Violeta de Santiago e Mirta Misa, representantes do PSdeG Tomiño, presentaron unha moción sobre a peonalización da Avda. Ordóñez en Goián, tomando en conta o rexeite que está provocando no sector comercial e os veciños.

Neste sentido, impulsaron unha serie de propostas na que instan ao goberno municipal do BNG a

abrir canles de diálogo cos comerciantes, planificar e xestionar a coexistencia na accesibilidade tanto peonil como vehicular na Avda. Ordóñez, redución da velocidade a 20km/h con prioridade peonil, a peonalización en determinados horarios e/ ou nas fins de semana, así como o malestar dos comerciantes polo comezo das obras en plena campaña de Nadal e a deficiente organiza-

ción da mesma.

O debate no pleno estivo obstaculizado pola intervención do voceiro do BNG, quen manifestou como inamovible a decisión de non modificar o proxecto. Finalmente, Violeta de Santiago lembroulle ao goberno municipal que esa rúa é patrimonio inmaterial de Tomiño, debido a que acolle o antigo "Camiño da barca, que forma parte da identidade de Goián.

Despedida a Evaristo Rodríguez que se xubila tras 30 anos de traballo no departamento de obras

Xubilouse o traballador do Concello de Tui Evaristo Rodríguez Castiñeira, despois de 30 anos de servizo no departamento de obras do Concello de Tui. No salón de plenos do concello realizouse un sinxelo acto de homenaxe e despedida no que participaron membros do equipo de goberno, dos grupos políticos presentes na corporación municipal e compañeiros de traballo.



Concello de Oia edita libro sobre o Mosteiro e a Virxe do Mar

Alcaldesa de Oia, Cristina Correa, e o historiador Fernando Javier Costas Goberna presentaron o libro O Mosteiro de Oia e a Virxe do Mar, elaborado pola Asociación Cultural Amigos de Mosteiro de Oia (ACAMO) co gallo do 250 aniversario da colocación da figura da virxe no camarín do Altar Maior da igrexa parroquial de Santa María de Oia.

O libro permite coñecer o momento da aparición da figura

da Virxe en Oia e no Mosteiro para entender mellor as circunstancias e repercusións do achado da figura, de orixe inglesa e aparecida na Punta Orelluda en 1581. Tamén achega informacións a historia recente e a celebración das festas en homenaxe á virxe, desde a época monacal ata a actual, así como o estudo da imaxinería relixiosa do templo parroquial e a problemática da súa conservación.

Os Servizos Sociais, este Nadal cambiaron alimentos por libros

Os libros transformáronse durante este Nadal en alimentos no mercadiño solidario organizado pola Biblioteca Pública Municipal de Tui en favor dos Servizos Sociais Municipais.

Os libros destinados ao expurgo conformaron un mercadillo no que a veciñanza podía escoller aqueles exemplares do seu interese e cambialos por pro-

ductos de Nadal e alimentos non perecedeiros.

A acollida brindada polos veciños e veciñas de Tui superou as expectativas iniciais da campaña. Persoal do departamento de Servizos Sociais recolleu estes alimentos e posteriormente os distribuíu entre as familias as que presta axuda, contribuíndo deste xeito a que seu Nadal fose tamén máis doce.

O Rosal realiza cribado voluntario masivo de PCR

Ante a alta incidencia acumulada da COVID-19 no Rosal, o Concello propuxo ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) a realización dun cribado masivo voluntario de balde a través de probas PCR que permita identificar a positivos asintomáticos dos que non se teña

constancia e axudar así a reducir a propagación do virus.

Unha vez recollidos os datos dos voluntarios serán trasladados ao SERGAS, para dar cita á respectiva proba PCR. As probas realízanse en Vigo, nun centro que se comunicará a cada persoa no momento de dar a cita.

Auditorio do Rosal dótese de material musical

Concello do Rosal acaba de adquirir tres timbais para o auditorio municipal que serán empregados por músicos rosaleiros e ensembles que actúen neste espazo e os precisen para os

seus espectáculos.

Estes instrumentos, de grandes dimensións, tiveron un custo de máis de 7.250 euros que foron subvencionados a través do Plan Concellos 2018 da Deputación de Pontevedra.

O Concello ofrece a posibilidade dunha segunda vida á "Luz do Nadal"

A Praza de Abastos da Guarda conta con dous contedores para que, aquelas familias que o desexen, podan depositar as luces que se repartiron nos centros educativos da vila.

O Concello instalou dous puntos de recollida para as luces de Nadal que se repartiron entre o alumnado dos centros educativos da vila dentro da Campaña de Nadal 2020-21 e que serviron para guiar aos Reis Magos.

As familias que así o desexen poderán depositalas nos contedores instalados no andar baixo

e no primeiro andar da Praza de Abastos da localidade.

As luces que se recollan, que foron fabricadas pola empresa local Eutimio e que se empregan para a pesca do peixe espada, poderán ser reacondicionadas, co fin de darlles ás mesmas unha nova vida útil. Deste xeito levarase a cabo un pequeno xesto para o coidado do planeta.

Dende o Concello da Guarda agrádecese a colaboración realizada por Electrónica Eutimio na Campaña de Nadal. Desde o primeiro momento amosaron o seu



interese por participar nesta entrañable iniciativa e puxeron todo da súa parte para que a luz chegara a todas e todos os nenos da Vila.

O Rosal conta cun novo remolque cisterna para o servizo de Vías e Obras

O Concello do Rosal acaba de adquirir un remolque cisterna para desempeñar diferentes tarefas no servizo de Vías e Obras, un camiión cun custo total de case 15.000 euros subvencionados a cargo do Plan Concellos 2018 da Deputación.

O remolque cisterna ten unha capacidade de 4.000 litros e está equipado con depresor e bomba centrífuga para presión, bésta lanza para amortecer, eixo con freo hidráulico, dúas saídas para máquina a presión, dous enroladores de manguera, transmisión, unha man-



gueira de carga e espaxedor.

Con esta nova adquisición continúa coa renovación do seu parque móbil de vehículos, como unha

furgoneta que se empregaba tamén no servizo de Vías e Obras con máis de 20 anos de antigüidade e que sufría constantes avarías.

O Rosal iniciou a reforma íntegra da praza de abastos

O Concello do Rosal iniciou a primeira fase das obras da reforma íntegra da praza de abastos, que data de 1954, para convertela nun "espazo vivo no que fomentar a compra de produto local de proximidade", segundo destacou a alcaldesa, Án-xela Fernández Callís.

Os traballos de reforma terán un prazo de execución de menos de tres meses e un custo de máis de 207.000 euros que irán a cargo do Plan Concellos da Deputación



de Pontevedra, dunha subvención de Agader e de financiamento propio do Concello.

Mentres tanto, doutarase dun

espazo alternativo mentres dure a reforma do mercado, acondicionando a Escola Simón de Mazo para adaptalo á nova actividade.

A Guarda aproba os seus orzamentos 2021



Trala celebración do pleno, o alcalde da Guarda, Antonio Lomba, acadou a confianza das principais forzas políticas ao contar co voto favorable do grupo Convergencia Galega e a abstención do BNG, para aprobar os Orzamentos municipais para 2021. Pola súa banda,

o PP votou en contra.

Coa confianza outorgada, Antonio Lomba, consegue levar adiante un proxecto de orzamentos que supón un avance para a localidade ao contar con máis de 1.150.000 € respecto do orzamento prorrogado co que se viña traballando.

Premio aos mellores lectores da Biblioteca da Guarda



O día 11 de xaneiro celebrouse o Día do Usuario/a das Bibliotecas e dende a Biblioteca Pública Municipal da Guarda fíxose entrega dun diploma e libros de agasallo para os mellores lectores do pasado ano nas categorías xuvenil, infantil e adulto.

Os premiados foron María Concepción Macua González, como mellor lector adulto con 57 libros; Pedro Fernández González, co premio ao mellor lector xuvenil con 53 libros; e Irene Fernández Lomba, mellor lectora na categoría infantil con 53 libros solicitados en préstamo.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

BAIXO MIÑO

Tui inicia o Ano Santo coa exposición “De Mar a Mar: o Camiño de Santiago en 3d”



A Sala de Exposicións na Área Panorámica acolle até o 10 de febreiro, a exposición “De Mar a Mar: o Camiño de Santiago en 3d”. Esta exposición chega a Tui grazas á cesión realizada por Turismo de Galicia.

As fotografías expostas realizáronse coa técnica estereográfica, polo que para a o seu visionado son precisas unhas gafas especiais que se proporcionan de balde aos visitantes.

A exposición presenta unha trintena de imaxes en tres dimensións do Camiño

Portugués e do Camiño de Fisterra e Muxía en tres dimensións, con pezas espectaculares e de gran formato

O título desta mostra fai referencia ao mar das rutas atlánticas co que comeza a exposición, ao mar das costas lusitana e galega, tan ligado aos camiños portugueses de peregrinación a Santiago así como ao chamado camiño inglés, para rematar, unha vez se chega a Compostela, no océano aberto da Costa da Morte, final físico e simbólico do camiño a Fisterra e Muxía.

Tomiño farase cun camiión con guindastre para continuar implantando o plan de compostaxe

Tomiño continúa coa implantación do plan de compostaxe no marco do Revitaliza, impulsado pola Deputación de Pontevedra. Estando previsto que no primeiro trimestre do ano conclúa xa o reparto dos composteiros individuais e a instalación dos comunitarios, o Concello decidiu levar a cabo a adquisición dun camiión dotado con guindastre.



O vehículo servirá para prestar servizo na recollida dos restos de poda que a veciñanza poderá depositar nos Puntos Verdes, que constituirán puntos de intercambio de materia orgánica situados nas distintas parroquias e que se irán habilitando nos próximos meses. A partir da trituración deses restos da poda crearase obterase o estruturante preciso para os

composteiros e poderá ser recollido polos veciños e veciñas neses mesmos puntos para que o poidan usar nos seus.

A compra do camiión foi adxudicada á empresa Volvo Group España, SAU, por un valor de 126.445,00 euros, que correrán a cargo da subvención recibida polo Concello da Deputación de Pontevedra para este plan.

Plataforma de Afectadxs pola Comunidade de Montes en Man Común da Guarda

Novo atopelo na Casa dos Alonso

O sábado 16 de xaneiro na Casa dos Alonso consumouse outra ilegalidade mais por parte da Comunidade de Montes da Guarda. 12 persoas votaron a favor dunha candidatura que vai xestionar unha Comunidade de Montes que debiera ter a día de hoxe, polo menos 81 comuneir@s.

Esta asemblea contou con irregularidades de todo tipo, dende non respectar os prazos que marcan os estatutos entre as dúas convocatorias (2 horas), ata non por a disposición d@s comuneir@s un lugar onde poder consultar a documentación relativa á asemblea.

Por suposto, só se votou unha candidatura, a outra foi omitida e censurada. Ninguén sabe nada, non hai explicacións, nin hai onde pedilas, xa que é unha Comunidade que non atende ao teléfono, non contesta aos correos, non recolle correspondencia, e por suposto non ten sitio habilitado para solicitar, entregar ou consultar nada. É unha Comunidade opaca. Só queda preguntarnos; por que? De

verdade teñen algún interese no Monte? Ou en que este monte se xestione polos seus veciñ@s?

Preto de 40 veciñ@s, a maioría con solicitudes pendentes de alta dende hai anos, concentrámonos diante das portas desta Asemblea, acompañando aos/ás outr@s 6 compañeir@s que si puideron entrar, e ver a pantomima que esta Xunta Rectora, co señor Fariñas e o señor Lolo a cabeza levou a cabo, sen dudar, sen pestanexar, sen medo, nin conciencia parece ser.

Non está demais dicir que estes 12 comuneir@s que votaron a favor da única candidatura existente, tamén botaron en nome de outr@s 12 comuneir@s, os cales na súa maioría levan anos sen asistir a ningunha asemblea (lembramos que por estatutos un/nha comuneir@ só se pode ausentar 2 asembleas como máximo). Quedounos claro que hai comuneir@s e “comuneir@s”.

E por último queremos lembrar a tod@s@s veciñ@s da Guarda que isto se esta a



facer a sabendas e beneplácito do Concello da Guarda. Que cede non só un espazo público, como é a Casa dos Alonso, para que se cometa semellante atopelo, se non que tamén pon a súa disposición o corpo de Policía Local para que exerzan, non de Policías, se non de garda espaldas e porteiros desta xente, decidindo quen entra e quen non, con lista en man, nesta

parodia de Asemblea Extraordinaria.

Sen máis, animar de novo a tod@s@s veciñ@s a tomar parte desta luta polo noso monte, ---e pola nosa Comunidade de Montes, que hoxe mais ben parece un cortello na que uns poucos teñen a pía e pían por tod@s.

Seguimos na luta, por un Monte e unha Comunidade de tod@s e para tod@s.

O BNG na Guarda solicita reunión de portavoces para esixir á Xunta axudas á hostalaría tralas últimas medidas contra a COVID

O BNG vén de solicitar ao Alcalde da Guarda, por medio dun escrito, unha reunión urxente de portavoces para esixir á Xunta de Galicia que inclúa axudas ao sector da hostalaría no mesmo DOGA no que vai publicar as últimas medidas para frear a COVID.

Para o BNG é fundamental que as administracións locais, os concellos, sexan portavoces das necesidades dos seus veciños, polo que se fai necesaria unha acción conxunta para deixar dúas cousas claras: o apoio incondicional ao

sector hostaleiro e distribución de importancia fundamental no concello e para esixir á Xunta de Galicia que inclúa un paquete de axudas ao sector ante as últimas medidas de restricións anunciadas polo Presidente, Núñez Feijoo.

Dende o BNG entenden que con estas medidas estase promovendo un "peche encuberto" da hostalaría, dada a imposibilidade de manter os negocios abertos, a pouco que se coñeza o sector, a climatoloxía e as características da Guarda. "As medidas decretadas como o peche dos salóns dos



restaurantes e bares, a utilización das terrazas nun 30%... abocan ao peche dun sector de vital importancia para o noso concello", comentou Anxo Baz.

Comerciantes da Guarda poden solicitar a devolución do 25% da taxa do lixo

O Concello da Guarda aprobou no pasado mes de decembro a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de Recollida do Lixo que permitirá aos comerciantes e hostaleiros da vila so-

licitar a devolución do 25% da taxa do lixo nos casos en que, no exercicio tributario anterior, a súa actividade ou apertura ó público, fora suspendida como consecuencia de declaración de estado de alarma.

Os comerciantes e hostaleiros terán de prazo ata o día 31 de xaneiro de cada exercicio tributario para solicitar a aplicación da cota reducida, presentando a documentación pertinente.

O Concello de Tui destina 50 mil euros en bonos de compra para a reactivación da economía local

O 13 de xaneiro abriu o prazo de inscrición para que os establecementos interesados se adhiran aos bonos "Activa Tui". No BOPPO do día 12 están publicadas as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión destas axudas á reactivación económica, que foron aprobadas por unanimidade o pasado mes de decembro en pleno. O Concello de Tui destina a esta iniciativa 50 mil euros.

Os bonos intégranse dentro do Plan de Reactivación económica do concello de Tui e están concibidos como unha medida extraordinaria para axudar o tecido empresarial a paliar os efectos económicos negativos derivados da pandemia da COVID-19 nas microempresas e persoas traballadoras autónomas do termo municipal.



O principal obxectivo de Activa Tui é apoiar aos sectores de servizos, comercio, hostalería e restauración do municipio de Tui, tratando de impulsar o consumo de proximidade a través da posta en funcionamento dos bonos "ACTIVA TUI" para investir nos establecementos comerciais.

Os establecementos interesados deben cubrir o formulario habilitado en tui.gal a partir de mañá, 13 de xaneiro. Antes do 1 de febreiro publicarase a listaxe

con todos os establecementos participantes.

Dende o 1 de febreiro as persoas, maiores de 16 anos, poderán obter un máximo de dous bonos de compra por valor de 10 €, que poderán canxear en compras iguais ou superiores a 25 euros nos establecementos adheridos á campaña até o 30 de marzo. Estas datas poden sufrir variacións en funcións das medidas restritivas e da situación epidemiolóxica no municipio.

BNG Val Miñor esixe melloras nos servizos sanitarios



Carmela González, deputada do BNG no Parlamento galego, considerou fundamental un aumento orzamentario en materia sanitaria para o Val Miñor, con especial foco na atención primaria reforzada como porta de entrada e sen recortes.

O BNG presentou emendas aos orzamentos xerais da Xunta de

Galiza para mellorar o funcionamento sanitario no PAC Val Miñor. Demanda tanto a dotación dunha segunda ambulancia para o servizo de urxencias de luns a venres como a ampliación do horario dos servizos de radioloxía, saúde mental e fisioterapia que se prestan no centro de saúde por ser claramente insuficientes a vulgar polas listas de agarda que presentan.

Todo listo para a adxudicación do proxecto de mellora da EP – 2204 Sabarís – Belesar en Baiona

A Deputación de Pontevedra vén de aprobar o expediente de contratación para a adxudicación das obras de reposición do firme nos 6,3 quilómetros da EP – 2204 Sabarís – Belesar, no termo municipal de Baiona. Esta actuación, que conta cun orzamento de 541.310 euros, permitirá repor o firme da estrada, instalar reductores de velocidade para o acoutado do tráfico, modificar a

senalización vertical existente e renovar a horizontal.

Máis polo miúdo, no que atinxe ao aglomerado do viario, procederase ao saneamento dun tramo de 1.500 metros da estrada e renovarse a capa de rodadura nunha área de 34.500 metros cadrados. Desta superficie, en 13.500 metros executarase previamente un tratamento superficial, e nos outros 21.000 acometerase ao fresado.

II Foro "Emprega Tui"

Baixo formato virtual e presencial, do 19 ao 21 de xaneiro celebrarase o II Foro de Emprego Emprega Tui, organizado polo Programa Integrado de Emprego do Concello de Tui en colaboración con distintas entidades e empresas.

Realizarase cun dobre obxectivo de achegar coñecemento e recursos sobre o mercado laboral ás persoas que están na

procura de emprego e de achegar man de obra cualificada e formada ás empresas que procuran persoal.

As empresas participantes son Plaintec, Coplant, Coplegal, Utinval, Itcn, Lenda, Eulen, Duatel, Valver, Nortempo, Idae Consultores, Vioncas Bake, A Fada Do Aloia, C.C. Vialia Estacion De Vigo, Ceetrus España e Kaleido Ideas & Logistics.

PONTEVEDRA

Unhas 31.000 persoas visitaron os castelos de Soutomaior e Sobroso

A pesares da pandemia da COVID 19, preto de 31.000 persoas visitaron durante 2020 os Castelos de Soutomaior e Sobroso. A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, cualificou estas cifras de "espectaculares", aínda que non superaran as 42.000 visitas rexistradas en 2019.

No caso do Castelo de Soutomaior, pechou 2020 coa visita de máis de 20.000 persoas. No que respecta ao Castelo de Sobroso, rexistrou 11.000 visi-

tantes. Deles, preto de 3.500 o fixeron entre xuño e agosto, unha cifra que superou a do mesmo período do 2019, entre outras razóns polo aumento das actividades culturais.

Silva destacou que para este 2021 a institución provincial seguirá a revalidar a súa aposta polos castelos, "para seguir a converter ambos os dous



recintos históricos en motores da cultura e do turismo na provincia".

Deputación de Pontevedra investiu máis de 9 millóns € en mobilidade e seguridade viaria en 2020

Ao longo do 2020 a Deputación de Pontevedra investiu máis de 9,5 millóns de euros na mellora da mobilidade e seguridade viaria de estradas da provincia.

O deputado provincial Gregorio Agís visitou algunhas das actuacións desenvolvidas durante este ano. Entre elas, destacan os investimentos na rede provincial de estradas, máis de 3,2 millóns de euros correspóndense co acordo marco de obras de conservación de firmes das vías provinciais, concretamente en estradas de 52

concellos da provincia.

Amais, preto de 1,2 millóns de € correspóndense co Plan Móvese de mobilidade e velocidade segura que está a impulsar a posta en marcha de elementos de redución de velocidade nas vías provinciais; 4,4 millóns de euros investidos a través do Plan Móvese e máis de 5,5 millóns de euros para actuacións concretas de acondicionamento, seguridade viaria, reestruturación do espazo público, reposición de firme, reparación de beirarrúas e mobilidade peonil en 16 concellos.

Récord de adopcións no Centro de Acollida (CAAN) neste 2020

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, informou que este 2020, o Centro de Acollida e Protección de Animais (CAAN) acadou 583 adopcións, superando en máis dun cento as do 2019, mentres se confirmou a tendencia á baixa nas recollidas, cun total de 1.144.

A pesar dos rigores da pandemia da COVID, o 2020 vén de converterse no mellor ano na historia do CAANCA, que presta

servizo a 50 concellos da provincia. Estas circunstancias permitiron pechar o ano cun menor número de animais nas instalacións do CAAN en Meis, que se cifra na actualidade en ao redor de 200.

2021 comeza tamén con bo pé, ao rexistrarse xa na primeira semana de xaneiro 6 adopcións, a primeira, a de "Linda", unha preciosa cadeliña que o día 1 viaxou ao seu novo fogar en A Coruña.

Máis polo miúdo, cunha media de 1,5 adopcións cada día, 569 das 583 acadadas no 2020 formalizáronse en España, 13 en Portugal e 1 en Holanda.

No que atinxe ás recollidas, hai que sinalar que preto da metade dos 1.144 animais recollidos no 2020 puideron ser devoltos ás persoas propietarias, 340 deles no mesmo lugar onde se produciu o aviso da súa aparición e 230 os recolleron nas propias instalacións do CAAN.

A Deputación achegou 68 millóns en investimentos directos en 2020

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, fixo balance "de 3 programas pensados para garantir servizos e dereitos nos concellos: o Plan Concellos 2020, o Plan de Reequilibrio e o Plan DepoRemse". Estes plans mobilizaron ata 68 millóns de euros nos municipios da provincia.

No Plan Concellos 2020, dotado de 42,2 millóns de euros, os 59 concellos presentaron 429 obras á liña 1 de investimentos, destacando a mellora de camiños (28% do total). Na liña 2 foron 156 proxectos para actividades sociais, culturais e deportivas, pagos a provedores, tarefas de mantemento e reparación e amortizacións de débedas. Na liña 3 para a contratación de persoal, a Deputación "proporcionou traballo a un total

de 912 persoas durante 2020".

No Plan DepoRemse para actuacións de mellora da accesibilidade, urbanizacións, reurbanizacións, peonalizacións, a seguridade viaria e iniciativas de mobilidade, Silva informou que "as obras están todas xa practicamente rematadas. Dos 31 proxectos rematáronse 19, 10 están en execución, 1 en fase de contratación (Cangas) e outra pendente de iniciar o expediente de contratación (Meaño)".

Por último, no Plan de Reequilibrio para a realización de equipamentos culturais, infraestruturas deportivas e reformas urbanas, a Deputación aprobou achegas "situadas entre os 120.000 e os 1,5 millóns de €" para "obras moi importantes que están a transformar os concellos da provincia", destacou Silva.

Deputación investirá 171.400€ na mellora da estrada EP-6003 en Lalín

A estrada provincial EP-6003, que une as parroquias lalinenses de Soutolongo e Doade, vai ser obxecto dun arranxo integral por parte da Deputación de Pontevedra. As obras, valoradas inicialmente en 171.400 euros, xa están en proceso de licitación.

A zona foi visitada polos deputados Gregorio Agís e Manuel González, que mantiveron un encontro co alcalde de Lalín, Xosé Crespo. Os traballos consistirán nun saneo completo dos 2.262 metros do trazado e mesmo



está previsto a demolición e fresado das partes que se atopan en peor estado. O prazo de execución é de catro meses.

No concello de Lalín hai 10

estradas provinciais. A estrada de Soutolongo-Doade ten cunha intensidade media de tráfico de 960 vehículos diarios, polo que amosa un notorio desgaste.

AGACOSE e AJE Pontevedra asinan convenio de colaboración

Pablo Lariño Noya, presidente da Asociación Galega de Corredores e Corredurías de Seguros (AGACOSE) e Jesús Rey Rodríguez, presidente da Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE) Pontevedra, asinaron un convenio de colaboración na

que darán a coñecer aos seus asociados a figura do Corredor de Seguros como profesional independente, así como compartirán experiencias, coñecemento, contactos e difusión de actividades, unindo esforzos en beneficio dos seus asociados.

A educación con emoción, crítica e igualitaria, eixos da VI Semana da Educación de Tomiño



“Educar con emoción, aprender con paixón”

Tomiño vén de presentar a xa tradicional Semana da Educación, un evento que celebra xa a súa sexta edición. O evento vai dirixido tanto a persoal docente e educador como a pais e nais que procuren formarse en diferentes aspectos relacionados co mundo da educación, onde cada ano imparten conferencias distintas personalidades de relevancia en distintos ámbitos. “Educar con emoción, aprender con paixón” é o título desta edición, que se celebrará entre os días 8 e 11 de febreiro.

Para inaugurar as xornadas Tomiño, o luns 8 contará coa presenza de Octavio Salazar, catedrático de Dereito Constitucional na Universidade de Córdoba, investigador e activista, amplamente reconecido polos seus traballos sobre igualdade de xénero e novas masculinidades, polos que recibiu varios premios. Tamén é autor de varias obras literarias e colabora habitualmente con medios escritos como eldiario.es, The Huffington

Post ou Público, entre outros. Na súa conferencia Salazar falará da importancia dunha educación paritaria, que incorpore a perspectiva feminista, e da necesidade de desenvolver programas específicos de intervención coa mocidade.

A xornada do martes estará protagonizada pola educación musical e os beneficios de transmitila a través da emoción. Será impartida por Almudena González, Profesora Superior de Violonchelo e Música de Cámara polo Conservatorio Superior de Tenerife. É doutora e Premio Extraordinario de Doutoramento 2016 pola Universidade da Lagoa. É autora de artigos de investigación en revistas internacionais con índice de impacto e participa de forma habitual en congresos nacionais e internacionais sobre música e cerebro. González explorará a importancia das emocións musicais no ámbito educativo e a súa relación coa neurociencia, destacando a importancia que ten a unión destes dous campos de coñecemento

para proxectar novos camiños posibles tanto dentro da aula como no ámbito familiar.

O relatorio do mércores será impartido por Marta Peirano, destacada xornalista e investigadora especializada no mundo da cultura e a tecnoloxía. É fundadora do xornal ADN e foi xefa da sección de Cultura e Tecnoloxía en eldiario.es sendo nos dous últimos anos adxunta á dirección. En 2019 publicou “El enemigo conoce el sistema”, un ensaio sobre o capitalismo de vixilancia onde conecta a nosa adición ao móbil coa industria de extracción de datos e o seu papel como ferramenta de control e manipulación de masas, que vai xa pola súa novena edición. Na súa conferencia, Peirano falará da importancia de combater a desinformación nas redes sociais, un problema crecente nos últimos anos, analizando as ferramentas que temos para combatela.

O xoves fechará as xornadas Alberto Soler, licenciado en psi-

coloxía e especialista europeo en Psicoterapia (EuroPsy). É a cara visible do videoblogue de divulgación Píldoras de Psicología, que conta con máis de 240.000 persoas seguidoras e miles de reproducións diarias tan só en YouTube. É colaborador do programa Ser Saludable na Cadea Ser, do proxecto Xestionando Fillos, e profesor na Escola Bitácoras. A súa conferencia levará o título “Normas, límites, premios e castigos”, e nela falará sobre a importancia destes conceptos e que peso darlles para educar aos nosos fillos con grandes doses de amor, agarimo e respecto.

Este ano, debido á pandemia da Covid-19, o evento será retransmitido por streaming a través

de Zoom e calquera persoa poderá acceder á videoconferencia de balde. Non será preciso inscribirse, só o terán que facer aquelas persoas que queiran un certificado de asistencia, e poderán facelo a través dun formulario na web municipal. Cómpre destacar tamén que as xornadas contarán con interpretación simultánea en lingua de signos para garantir tamén a inclusión das persoas xordas. Todas as conferencias serán retransmitidas á mesma hora nos seus respectivos días, ás 19:00. Para máis información, os interesados poden enviar un correo a omix@tomino.gal, cultura@tomino.gal ou visitar o apartado “Semana da Educación” na web municipal.

GASOLEOS
TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

PSdeG pon en marcha as xestoras do Porriño, As Neves e O Rosal

A Comisión Executiva Provincial do PSdeG-PSOE celebrou a súa primeira xuntanza de 2021 na que se aprobaron as novas Comisións Xestoras encargadas de dirixir as agrupacións locais de O Porriño, As Neves e O Rosal.

En O Porriño estará presidida por Soledad Girón Girón (membro do Comité Provincial) En As Neves encabezará Marcelino Couto Martínez, tenente de alcalde. Finalmente, en O Rosal estará presidida por Miguel Ángel Rodríguez Velasco. Tamén designouse a Luís Piña, secretario provincial de Organización, como colaborador e observador



nas tres xestoras.

O secretario provincial, David Regades, explicou que as Xestoras de O Porriño, As Neves e O Rosal

funcionarán como órgano de transición, encargado de organizar a asemblea de militantes que dea paso ás novas Executivas.

Tomiño e Cerveira presentan a Eurocidade á nova presidencia da CCDR-N



Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, e o presidente da cámara municipal de Vila Nova de Cerveira e director da AECT Río Miño, Fernando Nogueira, desprazáronse á cidade do Porto para manter unha reunión coa recén escollida presidencia da Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDR-N).

Neste senso, os alcaldes aproveitaron para dar a coñecer os

avances da eurocidade Cerveira Tomiño, con especial atención o proxecto do Parque da Amizade Cerveira-Tomiño, inserido na rede de rutas verdes transfronteiras do río Miño.

Tamén reuníronse con persoal da Agência Portuguesa do Ambiente (APA), amosando as súas aspiracións de captación de investimentos europeos, en particular fondos do Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP).

Asociación de Empresarios de Redondela impulsa programa integrado de emprego

A Asociación de Empresarios de Redondela leva adiante un Programa Integrado de Emprego que comprende catro itinerarios formativos, entre os que destaca o de Novas Tecnoloxías.

O 45% dos participantes serán persoas novas e un 15% estarán reservadas a persoas maiores de 45 anos. As solicitudes para participar poden tramitarse a través da web www.empresasredondela.gal.

O proxecto contará como punto de partida con

formación prelaboral. Os outros tres itinerarios formativos tocan as materias como comercio, turismo, administración e Novas tecnoloxías e estará acampañados dun programa de práctica laboral, no que se abordarán materias como xestión e contro do aprovisionamento, marketing dixital e comercio electrónico, operacións auxiliares de servizos administrativos ou robótica. Tamén haberá un Programa de acompañamento á empresas.

Óptica mahen

mahen audioprótesis **Ópticos desde 1939**



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4